

# BOLETÍN DE IGUALDADE

*Publicación mensual da Unidade de Igualdade*



Empregadas do departamento de aduanas de Haifa, 1940-42

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## **Unidade de Igualdade**

Edificio Ernestina Otero 1º andar  
Campus universitario  
Vigo-36310  
igualdade@uvigo.gal  
986 813 419



---

## CONTIDO

---

AXENDA .....	4
FORMACIÓN .....	4
CONGRESOS E SEMINARIOS .....	4
CONVOCATORIAS .....	4
SUXESTIÓNS .....	5
RECURSOS .....	8
NOVAS DO DUVI.....	11
NOVAS .....	11
DATOS .....	11
FERRAMENTAS DE IGUALDADE .....	14

# DECEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
48	27	28	29	30	1	2	3
49	4	5	6 <small>Día da Constitución</small>	7	8 <small>Día da Inmaculada Concepción</small>	9	10
50	11	12	13	14	15	16	17
51	18	19	20	21	22	23	24
52	25 <small>Día de Nadal</small>	26	27	28	29	30	31

Este mes presentamos o último contido do [#CalendariodeIgualdade](#) 2023 que, nesta ocasión, buscaba informar e sensibilizar sobre as violencias machistas dixitais.

As formas de violencia, como podemos comprobar día a día, mudan e expándense máis rápido ca lexislación que as regula. Mais coñecemos revolucionarias estratexias e contracampañas feministas que nos últimos anos ofreceron resistencia a estes comportamentos e nos ofreceron respostas e recursos como [#NiUnaMenos](#) [#metoo](#) [#cuentalo](#) [#YoSiTeCreo](#) e outras accións virais de carácter global. Ao longo deste ano a través deste recurso recomendamos e demoslle visibilidade a algunhas páxinas, colectivos ou ferramentas na rede para facer fronte ás violencias machistas dixitais que estaban dispoñibles nas copias físicas e tamén en [formato dixital](#).

Consúltanos á Unidade de Igualdade calquera dúbida ou solicita a nosa axuda e asesoramento. Se nos precisas, contáctanos!

---

## AXENDA

---

### **12 de decembro: Xornada Conectando en igualdade: a transformación do futuro tecnolóxico, dedicada ao ámbito aeronáutico e espacial [+Info](#)**

De 11:00 h a 13:30 h na Sala 1 do Edificio Miralles da Universidade de Vigo e en streaming. Na mesa redonda participarán: Uxía García Luis, Elena Beatriz Martín Ortega, Laura Rodríguez Rodríguez, Yanina Hallak e Cristina Cuerno Rejado.

Actividade organizada polo Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic), coa financiación do Distintivo de Igualdade da Unidade Igualdade da UVigo.

### **14 de decembro: Presentación da revista *Gender On Digital. Journal of Digital Feminism***

A revista, vinculada á Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo, lanza o seu primeiro número baixo o título [Sociedade dixital e nesgos de xénero](#).

A presentación terá lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ás 11:00 h

---

## FORMACIÓN

---

### **Seminario do grupo de investigación de Género y Política GEYPO (EN) [+Info](#)**

Presentación de dous artigos o 14 de decembro de 11.30 h a 13.30 h en formato presencial e en liña. É necesario inscribirse.

### **IV Ciclo de Seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Género e Igualdad [+Info](#)**

#### **Tecnoloxías para cambiar o mundo. Hackfeminismos, redes sociais e tecnopolíticas contra o capitalismo [+Info](#)**

Os contidos das sesións están dispoñibles en acceso libre a través de arquivos de audio.

---

## CONGRESOS E SEMINARIOS

---

### **International congress on Gender perspective and feminisms [+Info](#)**

Organizado pola cátedra de Perspectiva de Género y Feminismos da Ciudad de Cornellá, terá lugar o 11 e 12 de decembro. Custo de inscrición reducido para estudantes, predocs, persoas en desemprego ou retiradas.

### **European Conference on Politics and Gender: Avanzando cara a unha ciencia política feminista antirracista en Europa [+Info](#)**

Organizada por Advancing Political Science, o European Consortium for Political Research na Ghent University do 8 ao 10 de xullo de 2024.

---

## CONVOCATORIAS

---

### **Xénero, Traballo e Organización (Gender, Work and Organization-GWO) 2024 [+Info](#)**

Aberto o prazo para enviar o resumo da proposta ata o 22 de decembro.

## Premios da Asociación de Mulleres no Sector Público [+Info](#)

Catro categorías por liderado, traxectoria, figura de referencia e comunicación con opcións de candidatura individual e administracións ou institucións públicas.

O prazo estará aberto desde o día 1 de decembro de 2023 a 10 de xaneiro de 2024.

## VI edición Congreso Ciencia, feminismo e masculinidades [+Info](#)

Presentación de comunicacións ata o 18 de decembro. O encontro desenvolverase en formato híbrido o 1 e 2 de marzo de 2024.

## SUXESTIÓNS

Segundo o [Barómetro de Hábitos de Lectura e Compra de Libros en España 2022](#) o 68,4 % da poboación española maior de 14 anos lee libros e a porcentaxe de persoas non lectoras vaise reducindo progresivamente, sobre todo entre a mocidade e as persoas maiores de 65 anos. A maioría (64,8 %) faíno por ocio no seu tempo libre.

O Barómetro segue detectando desequilibrios nos índices de lectura entre as diferentes comunidades autónomas, entre mulleres e homes e entre os diferentes tramos de idade. A porcentaxe de mulleres lectoras no seu tempo libre é significativamente superior ao dos homes en todos os grupos de idade, diferenzas que se mantiveron no últimos dez anos.



Viñetas sobre a lectura de Flavia Banana, un dos temas habituais da debuxante Flavia Álvarez Pedrosa. O seu traballo pode seguirse en publicacións en xornais, nos seus libros *Las cosas del querer* (2017), *Archivos Estelares* (2017), *Archivos Espaciales* (2020) e *Archivos Lunares* (2022) e na súa páxina web.

**As mulleres son considerablemente máis lectoras que os homes**, un 69,9 % fronte a un 59,5 %. Curiosamente, aínda que a porcentaxe de lectores tanto en mulleres e homes creceron nestes dez anos (5,8 e 5,5 puntos porcentuais respectivamente), mantéñense practicamente os 10 puntos de diferenza. Ademais, a porcentaxe de mulleres lectoras no seu tempo libre é significativamente superior ao dos homes en todos os tramos de idade, especialmente dos 25 aos 34 anos.

Por idades, o tramo con maior poboación lectora é o comprendido entre os 14 e os 24 anos (74,2 %). É importante destacar que, desde 2012, a porcentaxe de lectores con 65 e máis anos incrementouse por encima da media de crecemento xeral (13,7 puntos porcentuais, de 38,2% ao 51,9%).



Neste mes no que o ritmo académico e laboral vai algo máis lento queremos utilizar este espazo para presentar diferentes propostas que sirvan como un convite para promover a lectura durante o mes de decembro.

**BiblioLab.** A biblioteca vivinte do Itinerario Formativo Virtual en Xénero [+Info](#)

As bibliotecas vivintes son bibliotecas nas que os libros son persoas. Neste, en particular, son as propias autoras, coordinadoras, prologistas e tradutoras quen nos presentan as súas obras.

Neste podes atopar pílulas de presentacións de nove libros recentes con temas relacionados coa igualdade, os Estudos de Xénero e os feminismos.

- [A saga das curandeiras](#), presentado pola súa autora Marisa Castro Cerceda
- [¿Quién no es bruja? Lo brujesco en las representaciones del audiovisual del siglo XXI](#), presentado pola súa autora Rebeca López Villar
- [Desarmamos o capitalismo. O amor como acción política](#) de Lann Hornscheidt. Presentado pola súa tradutora e prolosita María Reimóndez
- [A vontade de cambiar: homes, masculinidade e amor](#) de bell hooks, presentado polo seu prologuista Xosé Cabido
- [Elas, leváronnos ao espazo](#) de Nieves Lorenzo González, Encina Calvo Iglesias e Inés Álvarez Fernández. Presentado por unha das súas autoras, Nieves Lorenzo González.
- [As que limpian](#), presentado polas tres autoras: Ailén Kendelman, Noelia Castro e Areta Bolado
- [O cento voando: Amores, alianzas e non-monogamias](#), presentado polas súas coordinadoras Ánxela Lema París e Andrea Nunes Brións.
- [María Casares. Fronte ao espello](#), presentado pola súa autora Sabela Hermida.
- [Hannah Arendt en la Teoría Feminista contemporánea](#) presentado pola súa autora Teresa Portas Pérez.



Portadas de catro dos nove libros que forman o BiblioLab do ITFVX

**A las olvidadas.** Que libro lle regalarías a unha muller que está no cárcere? [+Info](#)

É unha iniciativa de recollida de libros dedicados pola xente para as reclusas das prisións en España. Esta proposta parte da marca sen ánimo de lucro [teta&teta](#) que inviste os seus beneficios en campañas e proxectos sociais, coma esta.

A través desta campaña que iniciaron no ano 2019 levan entregados 8 731 libros a mulleres de prisións de todo o país, 1 335 libros para [as mulleres nas prisións galegas](#) de Pereiro de Aguiar, A Lama e Teixeiro. Como elas a describen esta é unha proposta «feminista, cultural, solidaria, poética e transformadora, dentro e fóra das prisións.»

Se queres participar, agora mesmo teñen aberta unha nova campaña ata o día 13 de decembro. Consulta [as súas indicacións](#) e envía o teu libro, dedicado, a unha muller en prisión.

A las olvidadas xa está replicándose noutros lugares como Francia, México ou Colombia.



Ilustración de Monstruo Spagueti (Anastía Bengoechea), a debuxante que as acompañou na entrega en Aranjuez para debuxar en directo.

### Campañas de micromecenado

En ocasións, hai obras que para manter a súa independencia ou para poder sacar adiante o seu traballo recorren ao micromecenado para publicar.

Entre algunhas das que hai agora mesmo en activo, suxerimos botarlles un ollo a algúns con temáticas de xénero e feminismos como:

- [La viralidad del mal](#). Un ensaio de proxecto UNA no que analizarán os discursos de odio en internet, a quen benefician e como podemos combatelos.
- [Cuadernos Kollontai](#). Un proxecto para crear un selo editorial para impulsar ensaios sobre historia das mulleres de novas investigadoras e divulgadoras.
- E, aínda que xa está pechado tras conseguir o seu obxectivo, gustaríanos destacar a obra visual [Delincuente](#) de Nuria Vil para rescatar a historia do Vigo dos 80 a través da delincuente xuvenil, La Maradona, e a poesía galega contemporánea.

## Adaptacións

Hai numerosísimas adaptacións, máis ou menos boas, en cine de obras clásicas (*Frankenstein* de Mary Shelley, *Cumbres Borrascosas* de Emily Brontë, *La edad de la inocencia* de Edith Wharton, *Los pazos de Ulloa* de Emilia Pardo Bazán etc.) e non tan clásicas en diferentes formatos (*El color púrpura*, *Persépolis*, as series *Gente normal* de Sally Rooney ou *Heridas abiertas* de Gillian Flynn) de autoras de todo o mundo. Entre algunhas das máis recentes propoñemos acudir ao cine a ver *Un amor* (Isabel Coixet, 2023) baseado na novela de Sara Mesa.

E se o que queres é saber máis sobre a vida das autoras tamén hai dispoñibles documentais e filmes que te achegan á escrita e as experiencias das autoras como *Amando a Highsmith* (Eva Vitija-Scheidegger, 2022), *Los años de Super 8* (Annie Ernaux e David Ernaux, 2022) ou *Joan Didion: el centro cederá* (Griffin Dunne, 2017).

O 27 de xuño o Ministerio de Cultura fixo pública a Estatística da Edición Española de Libros con ISBN na que se podía ver como baixaba a presenza feminina nas publicacións do ano 2022. Hai moitas outras formas de achegarse aos libros e á lectura, estas é só unha pequena mostra de como apoiar as autoras para que aumente a súa presenza e se recoñeza o seu traballo.

## RECURSOS

### Enquisa europea de violencia de xénero 2022 (ES) [+Info](#)

É a primeira enquisa sobre violencia contra as mulleres que se realiza dentro do marco do Sistema Estatístico Europeo e na que participaron 27 países da Unión Europea. Esta nova fórmula pretende avanzar na harmonización de datos estatísticos a nivel europeo sobre violencia contra as mulleres, en cumprimento do Convenio de Istambul.

### A igualdade de xénero nas institucións de ciencia, tecnoloxía e innovación e de educación superior: avances, reflexións e propostas (ES) [+Info](#)

Pósters dixitais do simposio que tivo lugar en Bos Aires en setembro do 2023.

### Malabares das carreiras científicas e a vida familiar (EN) [+Info](#)

Os fitos da carreira adoitan coincidir con grandes eventos vitais. Este recompilatorio de artigos aborda os retos e as tensións de equilibrio entre a vida persoal, familiar e laboral da revista *Nature*.

### Manual de referencia Protocolo para a prevención e a actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo no ámbito laboral (ES) [+Info](#)

### Asasinatos por razón de xénero de mulleres e nenas (feminicio/femicidio). Estimacións globais dos homicidios de mulleres por parella íntima/familiar en 2022 (EN) [+Info](#)

### Violencia económica contra as mulleres nas súas relacións de parella ou exparella (ES) [+Info](#)

### Estudo Violencia de xénero na poboación xitana (ES) [+Info](#)



**Os homes tamén fan rituais: así se reforza a masculinidade hexemónica cando o reaccionarismo toma as rúas (ES) [+Info](#)**

**O persoal investigador rebelase contra as conferencias de fin de semana (EN) [+Info](#)**

Nais e pais están presionando para que as e os empregadores respecten o tempo familiar e limiten as reunións estritamente ao horario laboral.

**Achegas de persoas mozas en diálogo coa evidencia científica sobre o consentimento sexual (EN) [+Info](#)**

**Geena Davis Institute on Gender in Media (EN) [+Info](#)**

Este centro reúne un importante corpo de investigación sobre a prevalencia de xénero na industria do entretemento e tamén ofrece caixas de ferramentas para crear contidos STEM con perspectiva de xénero.

**Nesgos de xénero na avaliación do financiamento: un experimento aleatorio (EN) [+Info](#)**

**The influence of the parental child-rearing gender-role attitude on children's social adjustment in single- and two-parent families: the mediating role of intergenerational identity (EN) [+Info](#)**

**Terceiro informe do Observatorio de machismo dixital Stop Machitroles (GA) [+Info](#)**

**Índice de igualdade de xénero 2023 (EN) [+Info](#)**

España alcanza a súa mellor posición, obtendo 76,4 sobre 100 puntos, o que nos sitúa no cuarto lugar, a continuación de Suecia (82,2), Países Baixos (77,9) e Dinamarca (77,8). Dos seis indicadores dos que se recollen datos no 2023 (cartos, coñecemento, poder, tempo, traballo e saúde), os mellor considerados son saúde, con 91,2 puntos, no sexto posto de países avaliados, e poder, con 81,1 sobre 100, e a terceira mellor puntuación deste apartado.

**Informe de Avaliación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (ES) [+Info](#)**

**Estudo sobre a evolución da violencia contra as mulleres na infancia e adolescencia (ES) [+Info](#)**

Informe da Fundación Anar con financiamento do Ministerio de Igualdade. O estudo analiza o testemuño de 20.515 nenas e adolescentes que viviron situacións de violencia machista, e que utilizaron o teléfono/chat da asociación nos últimos catro anos. Dispoñible para descarga a través do correo electrónico.

**Patróns de xénero e retención entre o profesorado estadounidense (EN) [+Info](#)**

**Os lugares de traballo tóxicos son a principal razón pola que as mulleres abandonan os traballos académicos (EN) [+Info](#)**

---

**Mulleres tecnólogas en España. Informe 2022 (ES) [+Info](#)**

«Xa é suficiente»: abordar o sexismo, o acoso sexual e o abuso de poder no ámbito académico e sanitario español (EN) [+Info](#)

**Xornada de sensibilización en xénero: «Feminismos interseccionais: raza, sexo e xénero na literatura e cultura popular contemporánea» [+Info](#)**

**Os muros falan cando ninguén máis o faría: notas autoetnográficas sobre o control do poder sexual dentro da academia de vangarda (EN) [+Info](#)**

O libro *Sexual Misconduct in Academia: Informing an Ethics of Care in the University* (2023) foi retirado temporalmente pola editorial Routledge - Taylor & Francis Group polas presións ante a denuncia que se facía neste capítulo dos comportamentos inapropiados dun docente estrela nun centro de investigación, a pesar de que non indicaba nin quen era o profesor nin o centro. Agora, un grupo de académicas ten aberta unha [campaña](#) para recoller posicionamentos fronte a estas prácticas de poder académicas e editoriais.

**Conexións entre a violencia familiar e a violencia na esfera pública en Afganistán (EN) [+Info](#)**

**O impacto da educación e a dixitalización na participación feminina na forza de traballo nos BRICS (Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica): unha panel avanzado de análise de datos (EN) [+Info](#)**

**Violencia de xénero inducida pola covid: revisión de alcance de África entre 2020 e 2022 (EN) [+Info](#)**

**Monografías Feministas Cuidados Núm. 2 Setembro de 2023 [+Info](#)**  
Revista semestral do Instituto de las Mujeres.

**Diferenzas de xénero nos envíos de subvencións nos campos da Ciencia e da Enxeñaría na NSF (National Science Foundation) (EN) [+Info](#)**

**Informe Prostitución e Trata 2022 (ES) [+Info](#)**

**Formación en igualdade de xénero en ciencia 2023 [+Info](#)**

A Comisión Mujer y Ciencia da Sociedad Española de Astronomía (SEA) fai públicos os vídeos das primeiras sesións do curso que organizan.

***Dorothea na Vila* (2020) [+Info](#)**

Guión e dirección de Alejandro Gándara e Olaia Tubío. Subtítulos dispoñibles en galego, español, inglés e portugués. Tras o falecemento de Dorothea Schubarth o 6 de setembro de 2023, o equipo do filme decidiu poñelo en aberto para facelo accesible, seguindo os desexos da musicóloga.

---

## NOVAS DO DUVI

---

O campus únese ao 25 N con varias conferencias e un minuto de silencio [+Info](#)

20 autores de catro países analizan nun libro a «necesaria conexión entre xustiza e xénero» [+Info](#)

Historia acolle un seminario sobre vulnerabilidade e relacións maternofiliais no mundo antigo [+Info](#)

A directora de CINTECX, Concepción Paz Penín, gaña o Premio María Josefa Wonenburger [+Info](#)

Un 25N para tecer mundos feministas [+Info](#)

A Delegación do Goberno reconece o labor de Silvia Pérez na loita contra a violencia machista [+Info](#)

Ciencias da Educación e do Deporte reúne palabras contra as violencias [+Info](#)

Convócase a oitava edición do concurso escolar sobre muller e ciencia [+Info](#)

A Cátedra Feminismos 4.0 promove un maratón de creacións dixitais feministas coas que combater as violencias na rede [+Info](#)

Unha xornada busca promover unha reflexión sobre as “novas e vellas masculinidades” [+Info](#)

Investigadoras do campus realizan unha guía coeducativa sobre a menstruación [+Info](#)

Os ataques en liña contra as mulleres son cada vez máis visibles, coordinados, sofisticados e perigosos [+Info](#)

---

## NOVAS

---

Folga feminista (ES) [+Info](#)

Confirmado como un caso de violencia machista o asasinato por arma branca dunha muller en Sagunto (ES) [+Info](#)

A Premier League permite xogar a futbolistas investigados por abusos sexuais (ES) [+Info](#)

Embarazadas e parturientas en Gaza: Desnutridas, sen leite materno e parindo na rúa (ES) [+Info](#)

España protexe de forma desigual ás vítimas de violencia de xénero: algúns xulgados rexeitan o 70% das ordes (ES) [+Info](#)

---

Morre a muller estrangulada pola súa parella en Ponte de Vallecas durante o Día contra a Violencia de Xénero (ES) [+Info](#)

Emmy Noether, a recoñecida matemática que deu 20 anos de clase sen soldo só por ser muller (ES) [+Info](#)

Un mozo denunciado por maltrato mata á súa muller de 25 anos e á súa filla de cinco en Madrid (ES) [+Info](#)

O asasinato machista que pode cambiar Italia (ES) [+Info](#)

Feminismos contra a ciberviolencia de xénero (GA) [+Info](#)

Marjane Satrapi, ilustradora e cineasta: «En Irán vívese a primeira revolución feminista do mundo» (ES) [+Info](#)

MeToo na universidade: a rede de apoio cumpre dez anos (ES) [+Info](#)

«Un xefe obrigouna a ter sexo con el baixo presión»: 127 xornalistas denuncian estes casos de acoso sexual e violencia machista (GA) [+Info](#)

Este centro astronómico acaba de acadar a paridade de xénero. Velaquí como sucedeu (EN) [+Info](#)

A enxeñeira ferrolá Concepción Paz, distinguida co Wonenburger (ES) [+Info](#)

Premian a unha docente da UVigo polo seu labor contra a violencia de xénero (ES) [+Info](#)

«Na pista somos todos iguais, pero non na cabina»: en 2023 a música electrónica segue desprezando ás mulleres (ES) [+Info](#)

As primeiras mulleres en collerse a baixa menstrual: «Custoume dar o paso porque me sentía unha frouxa ao lado das miñas compañeiras» (ES) [+Info](#)

Entre xuño e setembro rexistráronse 717 procesos cunha media de 2,8 días de baixa. Este dereito laboral permite cobrar o salario desde o primeiro día.

Un estudo socava a premisa de excluír ás mulleres da investigación médica. Os investigadores descubriron que a temperatura corporal das mulleres non é máis variable que a dos homes (EN) [+Info](#)

Investigadoras do campus editan unha guía para romper tabús sobre a menstruación (ES) [+Info](#)

---

Cinco claves para entender a directiva europea contra a violencia de xénero que está en debate (ES) [+Info](#)

Case cinco millóns de europeas ten sido vítima de algún tipo de violencia en parella, segundo unha enquisa (ES) [+Info](#)

As galegas chegan á idade de retiro con 11 anos menos cotizados que os homes (ES) [+Info](#)

Folga indefinida das limpadoras de portais de Valladolid (ES) [+Info](#)

A premio Nobel de la Paz Narges Mohammadi inicia unha folga de fame en prisión tras ser privada de atención médica (ES) [+Info](#)

A árbitra que parou un partido por acoso machista: «É un paso para acabar coa violencia» (ES) [+Info](#)

As embarazadas de Gaza viven unha situación límite sen comida, auga nin anestesia para as cesáreas (ES) [+Info](#)

Informe de políticas: Cotas de xénero e acción positiva: un ataque á meritocracia? (EN) [+Info](#)

A violencia machista en liña, máis daniña, gaña presenza e profundidade nos medios (GA) [+Info](#)

## DATOS

---

Informe Global de Fenda de Xénero 2023 [+Info](#)

Observatorio de Igualdade da UVigo [+Info](#)

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2023 [+Info](#)

Boletín Estatístico Mensual da Deleg. de Goberno contra a Violencia de Xénero [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero [+Info](#)

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

Mapeo do teito de cristal das rexións europeas [+Info](#)

Institucións sociais e índice de xénero (EN) [+Info](#)



## FERRAMENTAS DE IGUALDADE

Recursos contra as violencias machistas da UVigo [+Info](#)



Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo. En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres  
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa Romil núm. 20  
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa Ensino núm. 24  
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza José Martí  
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades)  
[Cita previa](#)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de promoción da investigación sensible ao xénero [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Lei de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#)

Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328.  
Atención ás vítimas: 606 929 137.

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2023](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. [Ano 2023](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2023](#)

Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [Ano 2023](#)

Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025 [+Info](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

